

OS ENLACES

1. Le o seguinte texto e fixate ben nos enlaces (preposicións e conxuncións)

A feira de Redondela é moi famosa na comarca. Durante todo o día podes mercar desde un cepillo de dentes ata galos e galiñas para criar. O día mais importante é o 6 de xaneiro, porque é tradición mercar árbores e pasear ata a hora de xantar.

2. Clasifica os enlaces do texto da actividade anterior.

preposicións	conxuncións
_____	_____
_____	_____
_____	_____

3. Completa as seguintes oracións coas conxuncións.

e	pero	nin	ou
---	------	-----	----

- Merendei un bocadillo de queixo ____ chourizo
- É moi bonito ____ non o quero ____ regalado.
- Ves ____ quedas.

4. Completa as oración con enlaces.

- Gústame comer de todo _____ o chocolate
- Paseino moi ben _____ toda a película.
- Tomarei chocolate _____ churros.
- Tomé _____ Pepita traballan _____ Chapela.
- Non sabe se comprar un coche _____ cor gris _____ vermella.

5.- Le as seguintes oracións e despois completa a actividade.

- El vive en Piñeira nunha casa de madeira.
- O ano pasado viaxamos desde Santander ata Valencia.
- Ceamos tortilla de patacas e ensalada, pero non puidemos tomar xeados nin torta, porque xa se esgotaran.

- Preposicións:
- Conxuncións: